



- **Representación das persoas físicas para a solicitude do voto por correo:** Entenderase acreditada a representación realizada mediante **apoderamento apud acta efectuada por comparecencia persoal ou comparecencia electrónica na sede electrónica**. O Decreto 52/2021, do 18 de marzo, polo que se regula o Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia, establece os procedementos para rexistralos. Así, o procedemento con código PR005C, permite realizar un PODER PARA QUE A PERSOA APODERADA POIDA ACTUAR EN NOME DA PERSOA APODERANTE UNICAMENTE PARA OS TRÁMITES ESPECIFICADOS, esto é, para o procedemento DE200A. A falta ou insuficiente acreditación da representación non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se achegue ou se emende o defecto dentro do prazo de dez días que concederá a Secretaría Xeral para o Deporte para o efecto.

2. Recepción da solicitude pola Administración deportiva.

A Administración deportiva comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral, e **enviaralle por correo certificado os sobres electorais e as papeletas de todas as candidaturas**, así como a documentación necesaria, ao domicilio indicado na súa solicitude ou, na súa falta, ao que figure no censo.

3. Introducción da papeleta do voto.

A persoa electora introducirá a papeleta no sobre de votación do estamento e, se é o caso, especialidade deportiva e circunscrición á que pertenza.

Posteriormente, este sobre introducirase dentro do que vai dirixido á mesa electoral do voto por correo, xunto coa fotocopia do DNI ou documento identificativo equivalente.

4. Envío do voto.

O envío deberá realizarse, nalgunha oficina de Correos, antes do sexto día hábil previo á data de celebración das eleccións, e deberá dirixirse ao enderezo do órgano superior da Administración autonómica competente en materia de deporte, que custodiará a documentación ata o día da votación.

- **Prazo límite para recibir os votos por correo:** o prazo finalizará 24 horas antes das votacións presenciais.

Rematado o período para solicitar o exercicio de voto por correo, e sendo definitivas as persoas electoras que foron autorizadas para exercer o voto por correo, o censo definitivo dividirase en dúas seccións, unha en que figuren as persoas electoras que non solicitaron o voto por correo e outra nun censo especial de voto por correo. En ningún caso poderá figurar unha persoa nas dúas seccións do censo electoral definitivo.

O presente procedemento atopase regulado na normativa publicada na páxina web da SXD <https://deporte.xunta.gal/gl/procesos-electorais-2022>.